

# PROGRAMACIÓN ANUAL DA BIBLIOTECA

## Talentos de Outes

IES POETA AÑÓN [Outes]

---

2022-2023



# programación anual da biblioteca escolar 2022-2023

## ÍNDICE

1. TÍTULO DO PROXECTO .....	2
2. XUSTIFICACIÓN .....	2
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA DA BIBLIOTECA E O SEU CONTEXTO .....	2
A.  INSTALACIÓNS (espazo e mobiliario) .....	4
B.  FONDOS DOCUMENTAIS .....	4
C.  SERVIZOS OFERTADOS .....	4
D.  XESTIÓN DA BIBLIOTECA .....	5
E.  INTEGRACIÓN NA ORGANIZACIÓN DO CENTRO .....	5
4. ANÁLISE DAS NECESIDADES DE RENOVACIÓN DE FONDOS .....	6
5. OBXECTIVOS .....	6
6. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO .....	7
A.  XESTIÓN TÉCNICA E ORGANIZACIÓN .....	8
B.  FORMACIÓN DE USUARIOS DE BIBLIOTECA .....	9
C.  EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN (EDUCACIÓN DOCUMENTAL) .....	9
D.  PROXECTO LECTOR DE CENTRO. FOMENTO DA LECTURA .....	10
E.  DINAMIZACIÓN .....	11
F.  BIBLIOTECA INCLUSIVA .....	14
G.  OUTRAS ACTUACIÓNS .....	14
7. PERSOAL E HORARIO PREVISTO .....	14
8. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN .....	16

## 1. TÍTULO DO PROXECTO

# Talentos de Outes

## 2. XUSTIFICACIÓN

Para o curso 2022-2023 o Equipo de biblioteca do noso centro propón seguir co camiño do coñecemento de un mesmo, camiño que comezamos a andar no curso 21-22 coa temática das emocións. Cremos que unha parte do noso alumnado aínda ten moitas dificultades para xestionar a súa autoestima e relacionarse cos demais e que o tema do noso proxecto permitirá colaborar na adquisición de habilidades sociais e fomentar a confianza, necesaria para un bo desenvolvemento no futuro.

Pretendemos acercarnos a esa temática a través de diferentes testemuñas do pasado con persoas de relevancia cultural, así como diferentes artes escénicas como a música, a danza e o teatro.

Co comezo do curso iniciaremos a procura de talentos entre o noso alumnado e as súas familias, mais tamén na contorna de Serra de Outes para dar a coñecer distintos talentos en ámbitos moi diferentes (canto, música, baile, cestería, ourivaría, arquitectura...).

O longo do curso o alumnado voluntario que queira compartir os seus coñecementos terá a posibilidade de facelo organizando obradoiros de iniciación, que lle darán a oportunidade de compartir outras facetas da súa personalidade ca comunidade educativa tanto ós mestres coma ós aprendices.

Evidentemente o noso obxectivo principal será o de seguir tentando dinamizar a vida do noso centro e fomentar a confianza do alumnado en si mesmo dándolle a oportunidade de compartir coñecementos e habilidades en ámbitos menos académicos e de expresarse dun modo creativo e colaborativo.

As colaboradoras do equipo de biblioteca consideramos que este tema é adecuado para adaptarse ás diferentes facetas do PLAMBE: actividades de fomento da lectura, de formación ALFIN, biblioteca inclusiva, traballo colaborativo entre as distintas materias.

## 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA DA BIBLIOTECA E O SEU CONTEXTO

O noso centro, un IES inaugurado no curso 1998-1999, ofrece estudos de ESO (impartidos en horario de mañá e na tarde do luns) e Educación Secundaria para Adultos (nivel III e IV), en horario de tarde-noite.

Conta na actualidade con 23 profesores, o alumnado de ESA suma 12 adultos e hai 135 alumnos de ESO distribuídos en 7 unidades. O centro está radicado na capital dun concello cuxas



características orográficas fan que o alumnado, residente en distintas zonas rurais dispersas, dependa nun 90% dos casos do transporte escolar para acceder ó centro. As familias das que procede o alumnado pertencen na maioría de casos á clase media ou media-baixa.

No curso 2006-2007 o centro foi admitido dentro do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares na súa segunda convocatoria, séndolle concedida a continuación no devandito plan de forma continua ata este curso 2021-2022.

De cara ao curso que agora comeza, presentouse un proxecto de continuidade de mellora, sendo aprobado e dotado cunha axuda económica para adquisición de fondos e mobiliario.

#### A biblioteca mellorou moito neste período de tempo:

- ▣ Renovouse a colección de fondos en distintos soportes (con novas adquisicións e expurgo).
- ▣ Mellorouse o espazo bibliotecario coa creación de distintas zonas para os usuarios e novos equipamentos (expositores, andeis, hemeroteca, materiais audiovisuais, ordenadores, mobiliario de traballo e lectura informal...)
- ▣ Creamos zonas de lectura fóra do recinto bibliotecario (zona de espera de pais, zona de xogos, lectura de prensa).
- ▣ Sistematizáronse as accións de difusión de actividades, formación de usuarios e animación á lectura.
- ▣ Acadouse un mellor coñecemento dos servizos e do espazo bibliotecario por parte da comunidade escolar.
- ▣ Abriuse a biblioteca ás familias co préstamo e a adquisición de materiais para a creación da escola de pais en colaboración co Departamento de Orientación.

#### Pero seguimos a atopar certas dificultades:

- ▣ Segue a existir unha grave limitación espacial, aínda que a biblioteca se estendera a outros espazos.
- ▣ O problema de accesibilidade ao andar inferior por parte de persoas con dificultades motrices segue aí, con escasas posibilidades de solución.
- ▣ A posibilidade de actividades de formación ALFIN do noso alumnado é limitada e perdeuse nos cursos de 1º de ESO, ao desaparecer coa nova Lei a materia de ITI. Sen embargo o profesorado pide cada vez máis traballos dixitais de investigación.
- ▣ Os índices de participación do alumnado nas actividades de fomento da lectura seguen sendo demasiado baixas.



---

## A. INSTALACIONES (espazo e mobiliario)

---

Contamos con 90 m<sup>2</sup> divididos en dous andares de 30 e 60 m<sup>2</sup>. A falta de espazo está a ser un dos problemas máis difíciles de solucionar, e como resultado temos unha biblioteca “mutante” ano tras ano, en función das necesidades e da demanda dos usuarios.

- ▣ No andar inferior dispoñemos de 7 mesas co taboeiro inclinado con 24 postos, e para o traballo individual dispoñemos de 5 mesas individuais que ofrecen ata 20 postos.
- ▣ A parte superior reúne dos expositores de DVDs e CDs, a zona de equipos informáticos (4 ordenadores e unha impresora láser a cor, un posto menos que o curso anterior para permitir a recuperación dun espazo de lectura informal), a zona de xestión e catalogación (cun ordenador e impresora para o profesorado de garda), e finalmente dúas zonas de lectura informal con butacas e un sofá.

Este curso, decidimos recuperar diferentes espazos fora da biblioteca como: a zona de lectura de prensa para 5 persoas, a zona de xogos con capacidade para 8 persoas e a zona de lectura para pais con 2 butacas e un expositor da escola de pais (procuraremos aumentar o préstamo de material para pais).

---

## B. FONDOS DOCUMENTAIS

---

Ao comezo deste curso contamos con 11960 rexistros na base de datos do programa MEIGA: deste total un 40% corresponde a libros de referencia e informativos; 50% a literatura nas distintas linguas e 10% a outro tipo de materiais (CDs, revistas, DVDs, xogos, CDRoms...)

De todos modos esta cifra deixou de ser un indicador válido, posto que este curso pasado decidimos reutilizar os números de rexistro baleiros despois do expurgo, para ter unha idea máis fiable do número de fondos da nosa biblioteca.

### *ACTUALIZACIÓN DE FONDOS e EXPURGO*

- ▣ Dende que o centro forma parte do PLAMBE (curso 2006-2007) fíxose un importante esforzo de renovación e ampliación de fondos, tanto en soporte papel (libros de ficción e informativos) como en soporte dixital (DVDs de cine e CDs musicais). Creouse unha pequena biblioteca de libros para pais e nais en torno ós temas da adolescencia e educación que se ampliou en colaboración co Departamento de Orientación para a posta en marcha da escola de pais.
- ▣ Realizouse unha importante tarefa de expurgo de fondos desfasados, en mal estado ou pouco axeitados para o noso alumnado.

---

## C. SERVICIOS OFERTADOS

---

**HORARIO:** O actual equipo da biblioteca asegura a súa apertura nos recreos (10 á semana) momento en que máis acoden o alumnado. A maiores, disporase de 14 horas máis de apertura



distribuídas no horario lectivo semanal de ESO, nas que se ofrece apoio formativo aos grupos titorías e ao alumnado que se acerque pola biblioteca.

ACTIVIDADES QUE SE REALIZAN na actualidade:

- ▣ Préstamo de fondos
- ▣ Lectura na sala (individual e en grupos - clase)
- ▣ Consulta e estudo.
- ▣ Zona de lectura informal.
- ▣ Uso de ordenadores e tableta con conexión a Internet, procura de información e impresión de traballos.
- ▣ Busca no catálogo informatizado (OPAC de MEIGA)
- ▣ Club de lectura
- ▣ Actividades de formación de usuarios
- ▣ Actividades de dinamización e fomento da lectura.
- ▣ Servizo de publicacións (guía de usuarios, guía para pais e nais, boletíns, guías de lectura e de cine)
- ▣ Difusión de actividades a través do BLOG da biblioteca e da páxina WEB do centro.

---

#### D. XESTIÓN DA BIBLIOTECA

---

##### *AUTOMATIZACIÓN DA BIBLIOTECA*

Continuouse o proceso de automatización iniciado no curso 2003-2004 usando para iso o programa MEIGA. Na actualidade, practicamente tódolos fondos están catalogados, coa excepción dos radicados nalgúns Departamentos (Lingua Galega, Lingua Castelá e Xeografía e Historia). O préstamo está automatizado dende xaneiro de 2006. No curso 2022-2023 continuaremos coa substitución de etiquetas gastadas e renovación de fondos en mal estado.

---

#### E. INTEGRACIÓN NA ORGANIZACIÓN DO CENTRO

---

Continúase coa incorporación da Biblioteca no organigrama do centro. No curso 05-06 levouse a cabo a integración nos seguintes órganos representativos: Claustro do Profesores, Consello Escolar e CCP.

Do mesmo xeito, os seguintes documentos incorporaron apartados relacionados coa Biblioteca:

- ▣ A Programación Xeral e Memoria Anual do centro.
- ▣ O Plan de Normalización Lingüística establece tamén a colaboración co Equipo da Biblioteca.



- ▣ As Programacións Didácticas dos distintos Departamentos xa incorporaron referencias á súa participación nos distintos proxectos da Biblioteca Escolar,
- ▣ A biblioteca é partícipe das medidas do Plan Lingüístico de Centro renovado no curso 2017-18.
- ▣ O papel da Biblioteca na posta en marcha do Plan Lector consensuado e aprobado polo Claustro é fundamental, como ferramenta que impulsa a posta en marcha das distintas iniciativas.
- ▣ A coordinación do traballo bibliotecario co Plan TIC é permanente posto que as novas tecnoloxías son o centro das fontes de información na actualidade e a elaboración de traballos de investigación preséntase cada vez máis en formato dixital.

#### **4. ANÁLISE DAS NECESIDADES DE RENOVACIÓN DE FONDOS**

Nas adquisicións para o vindeiro curso darémoslle prioridade aos seguintes aspectos:

- ▣ Atender as suxestións que poidan aportar ao longo do curso os distintos membros da comunidade escolar (alumnado, profesorado, pais/nais ou mesmo persoal non docente)
- ▣ Adquisición de lecturas obrigatorias ou optativas programadas polos distintos departamentos.
- ▣ Adquisición de materiais que sirvan de soporte ás distintas iniciativas de dinamización e animación lectora presentadas no actual proxecto.
- ▣ Manter o equilibrio na colección. Procurarase ampliar as seccións máis demandadas: literatura xuvenil nas distintas linguas, cómics, clásicos adaptados e DVDs.
- ▣ Continuando coa posta en marcha do plan lector, vaise precisar unha inversión en fondos adaptados ás necesidades de lectura do alumnado, así como ós seus intereses en canto a ocio e afeccións, incluíndo materiais que estimulen a súa imaxinación e pensamento crítico.
- ▣ A biblioteca de pais e nais deberá ampliarse en colaboración co Departamento de Orientación que segue co proxecto da escola de pais.
- ▣ Continuaremos mantendo actualizada a sección de publicacións periódicas.
- ▣ Ampliaremos a adquisición de xogos de mesa para favorecer os intercambios sociais nos recreos, pensando sobre todo no alumnado con máis dificultades para relacionarse.

#### **5. OBXECTIVOS**

- ▣ Ampliar a oferta de dispositivos dixitais.
- ▣ Organizar recursos accesibles para as familias dende a Web do centro (tutoriais para o uso de programas dixitais)
- ▣ Fomentar no noso alumnado o interese e a mente crítica ante os temas tratados

- ▣ Ofrecerlle ao alumnado unha información completa, contrastada e respectuosa sobre o tema.
- ▣ Desenvolver a solidariedade, a creatividade e a participación.
- ▣ Contribuír ao fomento do respecto das diferenzas emocionais entre os diferentes membros da nosa comunidade educativa.
- ▣ Contribuír á adquisición dunha mirada crítica fronte ós medios de comunicación.
- ▣ Integrar plenamente o proxecto da biblioteca na vida do centro a través da colaboración e participación dos distintos departamentos didácticos. Dado o seu carácter transversal, a temática proposta constitúe un eixo temático susceptible de ser incorporado ao proceso de ensino-aprendizaxe de tódalas materias.
- ▣ Formar usuarios mediante a adquisición de habilidades específicas de busca, selección, análise, creación e difusión de información, impulsando a autonomía investigadora a través do coñecemento da Biblioteca así como do seu sistema de ordenación, utilizando como eixe o tema de traballo deste curso.

## 6. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- ▣ A **persoa responsable da Biblioteca** deberá asumir as seguintes funcións :
  - *Deseño da programación anual de actividades.*
  - *Deseño da memoria final de biblioteca e da proposta para a continuidade no PLAMBE o curso seguinte.*
  - *Deseño do programa de fomento da lectura.*
  - *Asegurar a organización, mantemento e uso apropiado dos recursos.*
  - *Atender ao alumnado que utilice a biblioteca coa axuda do profesorado que teña asignadas horas de atención a ela, facilitándolles o acceso ás fontes e orientándoos sobre o seu uso.*
  - *Difundir entre o profesorado e alumnado información cultural.*
  - *Colaborar na promoción da lectura como fonte de entretemento e lecer.*
  - *Recoller as propostas de compra de novos materiais.*
  - *Coordinar o Equipo da Biblioteca.*
- ▣ O **Equipo da Biblioteca** está formado por 7 docentes (incluída a persoa responsable), 6 de elas con 14 horas de traballo para o desenvolvemento da programación. As profesoras do equipo reuniránse polo menos unha vez ao mes para coordinar actividades, avaliar o rendemento e propor as medidas de mellora que se consideren oportunas.
- ▣ Voluntarios de biblioteca: aínda que nos últimos cursos non atopamos moita vontade de colaboración nos recreos, procuraremos que nos axuden como portavoces da información sobre as actividades propostas dende a BE co resto de compañeiros, asumindo o papel de “antenas da biblioteca”.



- ▣ Dende a biblioteca trataranse de promover as seguintes actividades:
  - *O fomento da lectura en todo tipo de soportes*
  - *A formación na busca, tratamento e análise da información*
  - *A educación para o ocio e o tempo libre*
  - *A organización de actividades culturais, como xa se ven facendo coa colaboración de persoas ou entidades non pertencentes á comunidade escolar do IES, como:*
    - *Biblioteca Municipal e Casa da Cultura de Outes*
    - *Autores, ilustradores, contacontos...*
    - *Asociacións culturais "Mar de Noia" e "Terra de Outes" e de carácter social "ADISBIMUR"*
    - *Colexio Público do Concello.*
    - *Outras institucións.*

---

#### A. XESTIÓN TÉCNICA E ORGANIZACIÓN

---

Continuar coas actividades de xestión necesarias para o bo funcionamento do servizo bibliotecario:

- ▣ Difusión e aprobación da Programación Anual da Biblioteca.
- ▣ Establecemento dos horarios da Biblioteca.
- ▣ Emisión de novas tarxetas de lectores, expurgo, catalogación de novos fondos, control de morosidade...
- ▣ Servizo de Préstamo e atención ao alumnado
- ▣ Deseño de actividades de Animación á Lectura.
- ▣ Decoración da Biblioteca en relación co tema anual e cas distintas datas conmemoradas ó longo do ano.
- ▣ Compra de fondos (cómic, ficción, películas, libros divulgativos) para a posta en marcha das actividades da BE e tamén para satisfacer peticións de usuarios.
- ▣ A catalogación, selado e etiquetado no programa de xestión de Bibliotecas MEIGA.
- ▣ A actualización das ferramentas web do centro para dar a coñecer as actividades e propostas, ampliación de contidos do BLOG da biblioteca.
- ▣ Selección de lecturas dixitais para horas de ler.
- ▣ Calendario da actividade da Hora de Ler.
- ▣ Actualización de espazos fóra do recinto bibliotecario (zona de libros para pais e zona de lectura de prensa).
- ▣ Renovación do etiquetado da zona de libros divulgativos.
- ▣ Ampliación da formación específica no ámbito das BEs polos membros do equipo de apoio.
- ▣ Selección de lecturas para os COFRES de lectura das aulas.



- ▣ Coordinación do PLAN LECTOR e colaboración co PLAN TIC (publicacións e ferramentas web) e co Dpto. AAEE (celebración efemérides).
- ▣ Elaboración de enquisas de valoración da biblioteca para alumnos e profesores.

---

## B. FORMACIÓN DE USUARIOS DE BIBLIOTECA

---

- ▣ Visitas guiadas á biblioteca para o ALUMNADO de 1º. Ao perderse dentro do horario a materia de Investigación e Tratamento da Información (ITI) a profesora encargada da Biblioteca realizará a visita guiada nunha hora cedida polo profesorado de ámbolos grupos de 1ºESO así como para o PROFESORADO NOVO no centro realizando prácticas sobre a organización da BE:
  - *Localización dos materiais*
  - *Significado dos símbolos contidos na etiqueta dos libros.*
  - *Manexo de distintos soportes nos que atopamos información.*
  - *Uso da conexión telemática e do catálogo da biblioteca.*
- ▣ Elaboración de materiais para a formación de usuarios do alumnado de 1º de ESO, para a súa posta en práctica nas titorías.
- ▣ Elaboración e distribución de trípticos que recollan a organización e normas de funcionamento da biblioteca, iniciativas de fomento da lectura, actividades do Club de Lectura, da Hora de Ler.
- ▣ Constitución do equipo de alumnos e alumnas axudantes da biblioteca, con sesións formativas.

---

## C. EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN (EDUCACIÓN DOCUMENTAL)

---

- ▣ No cambio de Lei Educativa , desgraciadamente non hai oco para ALFIN. Tentaremos manter a formación que lle viñamos ofrecendo ao alumnado (se ben vai ser máis sucinta), utilizando as titorías ou as materias que se brinden a colaborar porque, esta formación é unha das competencias da ESO.
- ▣ Difusión entre o profesorado de documentación sobre actividades de formación de usuarios e ALFIN
- ▣ Co alumnado de 2º, 3º e 4º actividades de formación de usuarios e ALFIN, que desenvolvan técnicas de procura de información (literarias, históricas, musicais, artísticas)
- ▣ Celebración de concursos de investigación sobre o tema traballado neste curso.
- ▣ Elaboración e difusión de materiais sobre a correcta elaboración e presentación de traballos de investigación (índice, resumo de información, bibliografías...).

- ▣ Continuar co plan de educación documental con normas de bo uso dos recursos de internet.
- ▣ Actividades de busca documental en relación co tema deste curso, propostas para realizar nas horas de titorías para todo o alumnado do centro e en formato dixital (coa ferramenta de Aula virtual).
- ▣ Publicación e difusión de traballos realizados polo alumnado en torno á temática proposta nas distintas áreas do currículo.

---

#### D. PROXECTO LECTOR DE CENTRO. FOMENTO DA LECTURA

---

Os novos decretos en materia educativa inciden na promoción da lectura dende as bibliotecas escolares. En concreto para a ESO prevé que cada centro educativo deberá elaborar e incluír no seu PEC, un proxecto lector que integre todas as actuacións destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.

Anualmente renóvase o programa de fomento da lectura e as liñas prioritarias de traballo son:

- ▣ Contar cunha biblioteca escolar como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.
- ▣ Fomentar a integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico), no tratamento dos contidos curriculares e nos distintos Proxectos de investigación levados a cabo en distintas áreas de aprendizaxe.
- ▣ Organizar a actividade da HORA DE LER (rotando a hora semanal cada luns, martes e mércores en función do trimestre).
- ▣ Publicar GUÍAS de RECURSOS WEB relacionados coas distintas materias, para o seu uso por parte do alumnado en recreos ou gardas.
- ▣ Actividades puntuais: presentación e publicación de información sobre novidades en taboleiros e en soporte dixital; encontros con autores; lectura nos recreos de relatos ou poemas, obradoiros, concursos e exposicións así como celebración de efemérides.
- ▣ Promocionar de canles para a participación do alumnado na proposta de adquisición de materiais.
- ▣ Publicar GUÍAS DE LECTURA en papel e en formato dixital no BLOG da biblioteca, tanto de materiais literarios como divulgativos sobre os distintos temas tratados en relación co tema escollido así como coa celebración de efemérides.
- ▣ Seleccionar lecturas dixitais para as aulas dispoñibles no BLOG da biblioteca.
- ▣ Colaborar cos Departamentos Didácticos para a publicación de materiais e guías de lectura.



- ▣ Club de lectura. Continuar a reunirnos unha vez ao mes para compartir o xantar do luns e as nosas experiencias lectoras en torno ás obras escollidas. Tentarase manter as dúas seccións de alumnado lector de 1º e 2º CICLO.
- ▣ Tentar fomentar o acercamento das nais e pais aos libros coa actualización da súa zona de lectura.

---

## E. DINAMIZACIÓN

---

Procurarase organizar as actividades nas tres avaliacións seguindo tres temas de traballo:

- ✓ Trimestre 1: Na procura de talentos.
- ✓ Trimestre 2: Que comece o espectáculo.
- ✓ Trimestre 3: Luces, cámara, acción.

O longo do curso realizaranse actividades como

---

- ▣ Exposicións sobre temáticas relacionadas ca celebración de efemérides.
- ▣ Concursos de creación literaria con respecto ao tema; poesía e microrrelatos..
- ▣ Creación dun banco de recursos con materiais dixitais (longametraxes) e impresos (ficción e divulgativo) en relación co tema.
- ▣ Promoción de distintas celebracións e efemérides na medida do posible relacionándoas coa temática: 25N, Día da paz, Día dos namorados, Día da discapacidade...
- ▣ Concursos que poñan a proba as habilidades ALFIN..
- ▣ Lecturas programadas para a Hora de Ler sobre o tema.
- ▣ Charlas sobre distintas temáticas relacionadas para alumnado e pais.
- ▣ Organización de obradoiros de cine, teatro, danza, artesanía, maquillaxe, debuxo, origami...
- ▣ Sesións de cine ao final de cada trimestre.
- ▣ Clubs de lectura: Itinerario lector LITERATURA EN RELACIÓN CO TEMA.
- ▣ Club de teatro coa colaboración de dúas profesoras. Ensaio dunha obra para ser representada a final de curso.

---

1º TRIMESTRE Procura de talentos entre a comunidade educativa.

---

- ▣ Exposición de libros e longametraxes relacionados co tema do talento con protagonistas xuvenís.
- ▣ Decoración da biblioteca escolar con axuda do alumnado con elementos relacionados co tema elixido:
  - *No taboleiro exterior imitaremos un pano cerrado con tela vermella que abriremos ao irmos poñendo creacións.*



- *Realizaremos un Photocall para que eles participen como persoas “talentosas”.*
- Realización de móbiles colgantes alusivos aos talentos ( pinceis, pluma e tinteiro, instrumentos *musicais*.....)
- ▣ Mural “Cal é o teu talento?”
- ▣ Banco de talentos. Obradoiros de alumnado voluntario que queira compartir e trocar a súa habilidade pola adquisición de outra cos compañeiros.
- ▣ Selección de materiais para formar os cofres de lectura de aula.
- ▣ Celebración de efemérides: SAMAÍN(31-10), MAGOSTO (11-11) VIOLENCIA DE XÉNERO(25-N), DEREITOS HUMANOS(10-D) e NADAL.
- ▣ Sesión de cine: Proxección dunha película escollida en colaboración co Departamento de Orientación cunha actividade previa de sensibilización sobre a temática dos prexuízos ligados ao sexo, a raza, a orixe social que poidan supoñer trabas para xente nova talentosa.
- ▣ Colaboración co Departamento de EPVA na difusión de curtas do alumnado de 4º, relacionadas con xente con talento de Outes.
- ▣ Compra e difusión de novos fondos relacionados coa temática.
- ▣ Entrega dos carnés ao novo alumnado.
- ▣ 24 DE OUTUBRO: Celebración do Mes Internacional das BEs coas seguintes actividades:
  - *Publicación de Boletín de Novas da Biblioteca.*
  - *Presentación do Proxecto Anual da Biblioteca e inauguración da decoración.*
- ▣ 31 DE OUTUBRO: Samaín-Halloween. Lecturas dramatizadas de contos de terror.
- ▣ Día das escritoras 19 de outubro. Actividade sobre “ Mulleres escritoras con talento.”
- ▣ NOVIEMBRE: Mes da ciencia. Exposición “Mulleres científicas” e boletín de preguntas.
- ▣ 25 DE NOVIEMBRE: Día en contra a violencia de xénero:
  - *Exposición de fondos*
  - *Creación dun mural con MENSAXES de apoio ás vítimas de violencia de xénero.*
- ▣ 3 DE DECEMBRO: Día da discapacidade. Vídeo ou exposición sobre xente discapacitada e os seus logros.
- ▣ Publicación de GUÍAS DE LECTURA con novidades e de actualización das GUÍAS de CINE ao formato dixital.

## 2º TRIMESTRE *Que comece o espectáculo!*

---

- ▣ Exposición de Novidades.
- ▣ 30 DE XANEIRO: DÍA DA PAZ.
  - *Realización dun mandala de xeito colaborativo entre o alumnado do instituto.*



- ▣ Banco de talentos II. Obradoiros de alumnado voluntario que queira compartir e trocar a súa habilidade pola adquisición de outra cos compañeiros.
- ▣ Obradoiro de teatro para o alumnado voluntario que participe nos “luns de teatro”.
- ▣ Exposición-mural de colaxes con poemas que falen de AMOR – MEDO – PERDA - LIBERDADE – VIOLENCIA – AMIZADE
- ▣ 14 DE FEBREIRO: DÍA DE SAN VALENTÍN : “Mima os teus sentimentos” concurso de fotos en formato dixital con filtros e mensaxes para plasmar os sentimentos de amor e amizade.
- ▣ 8 DE MARZO: DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA Exposición sobre mulleres “talentosas” exploradoras, artistas, científicas.
- ▣ MARZO: ENTROIDO concurso de caretas.
- ▣ Concerto de música clásica “grandes talentos da música” a cargo do profesorado do Conservatorio de Noia.
- ▣ Organización da semana do talento
  - *Espectáculo de talentos coa participación do alumnado, de grupos musicais da zona e de ser posible da asociación ADISBIMUR de Valadares cunha representación teatral.*
  - *Sesións de artesanía no centro coa colaboración de familiares do noso alumnado.*
  - *Sesión de cine.*

### 3º TRIMESTRE Luces, cámara, acción.

---

- ▣ Abril: Obradoiros de cociña a cargo das familias do alumnado para compartir o talento na cociña e promover unha comida tradicional, descubrir receitas doutros países (se conseguimos a colaboración de familias cubanas, brasileiras, uruguaias...)
- ▣ Concurso. Os xoves das artes. Durante o mes de abril (15 abril Día da arte) propoñer cadros coñecidos para que o alumnado reproduza escenas usando a creatividade.
- ▣ Concurso-exposición de fotos de mimos na rúa.
- ▣ Se as circunstancias o permitiran: visita ao museo de arte contemporáneo de Santiago ou do museo de Belas Artes.
- ▣ 23 DE ABRIL: Celebracións en torno ao DÍA do LIBRO
  - *Exposición de novidades*
  - *Disfraces de personaxes coñecidos da literatura.*
- ▣ 17 DE MAIO: LETRAS GALEGAS
  - *Publicación de tríptico sobre o autor homenaxeado.*
- ▣ 5 de xuño. Día do medio ambiente: difusión de iniciativas de mozos e mozas comprometidos co medioambiente.
- ▣ Representación teatral no festival de fin de curso.

---

## F. BIBLIOTECA INCLUSIVA

---

A biblioteca supón un recurso indispensable contra as desigualdades de partida coas que nos atopamos, ao permitir a todos e a todas por igual acceder á cultura, á información, á arte, ao entretemento, e por conseguinte, á formación. No noso centro, aprécianse diferenzas notables entre o alumnado pertencente a un medio socio-familiar máis desfavorecido e aqueles outros nos que a integración persoal, social e cultural é máis estable. As iniciativas de apoio ao estudo que se poderían levar a cabo vense moi limitadas pola dispoñibilidade horaria do Equipo que impide abrir a Biblioteca durante máis horas en horario de tarde. Por conseguinte, é preciso buscar medidas paliativas cos recursos materiais e humanos dispoñibles.

Propoñemos as seguintes:

- ▣ Facilitaremos o acceso a recursos dixitais nos recreos para alumnado en situación de precariedade dixital ou con NNEE para que poida participar nas distintas actividades organizadas.
- ▣ Para evitar que as posibles carencias de parte do noso alumnado non poidan supoñer unha desigualdade ante os estudos, dende hai varios cursos o alumnado dispón da posibilidade de imprimir traballos ou material para investigación na impresora da biblioteca.
- ▣ Sección de xogos educativos que sirvan como reforzo ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- ▣ Compra de libros de Lectura Fácil.
- ▣ Posibilidade de ampliar os préstamos durante os períodos de vacacións incluído o verán.

---

## G. OUTRAS ACTUACIÓNS

---

- ▣ Atopar outras formas de colaboración adaptadas á nova situación con institucións de carácter socio-cultural (Casa da Cultura e BM de Outes, Colexio Público do concello, Asociación "Mar de Noia", BP "Ánxel Casal"...)
- ▣ Colaborar con Amnistía Internacional, xa que formamos parte da rede de escolas, en actividades de sensibilización.

## 7. PERSOAL E HORARIO PREVISTO

Tendo en conta o papel central da biblioteca como motor da vida académica e cultural do centro, o equipo directivo tratou de manter a estabilidade do grupo de 7 persoas coa coordinadora, que xa levaban varios anos a traballar no proxecto de PLAMBE, cun total de 20 horas de gardas.

Este curso en total haberá 20 horas de gardas de biblioteca, 5 serán de atención en recreos e 15 de traballo de organización, xestión e dinamización.



A falta dunha lexislación educativa, que contemple a figura de Coordinador de biblioteca e de membros do equipo con horas recoñecidas oficialmente no computo para a adxudicación de prazas nos centros e os recortes en canto a persoal neste curso, fixeron moi difícil manter as horas de atención á biblioteca por parte da Dirección do centro que tivo que dar prioridade ás horas do Equipo de biblioteca a costa doutras necesidades do centro.

Contamos con:

- ▣ 1 coordinadora con 6 horas de dedicación e con formación específica no ámbito de Bibliotecas Escolares.
- ▣ Seis profesoras máis, integrantes do equipo, con 14 gardas (nas que se inclúen o tempo de atención durante os recreos e as horas dedicadas á xestión e catalogación). Das 6 profesoras colaboradoras 1 só ten garda de recreo e as outras 5 repártense as 13 gardas restantes.
  - *M. Dolores Martínez Martínez (Profesora de Inglés) 5 horas*
  - *Susana Álvarez Martínez (Profesora de Xeografía e Historia) 2 horas*
  - *Gemma Somoza Silva (Profesora de Relixión) 3 horas*
  - *Elvira López Mariño (PT) 1 hora.*
  - *Rosalino Garcia Novo (Profesor de Matemáticas) 1 hora.*
  - *Valerie Pauzat (Profesora de Francés) 2 horas.*

#### HORARIO

Horario	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
8.25- 9.15					
9.15 - 0.05					
<b>Recreo</b>	Valerie	Elvira	Elvira	Lola	Ana
10.25 -11.15	Susana	Ana		Valerie Lola- Ana	Lola Ana-Lino
11.15- 12.05	Susana	Ana		Ana	
<b>Recreo</b>	Gemma	Valerie	Ana	Gemma	Lola
12.25 -13.15	Lola	Gemma Lola			Gemma
13.15 -14.05					



## 8. CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A experiencia obtida na posta en práctica do anterior proxecto será aproveitada para a planificación do traballo no futuro, pero tamén será necesario levar a cabo unha análise dos resultados obtidos co fin de comprobar ata que punto se levaron a cabo as iniciativas previstas.

**CRITERIOS:** Análise do grao de consecución dos obxectivos marcados no Plan anual e das actividades propostas. Prestaremos especial atención á efectividade do traballo de organización; o uso da biblioteca por parte dos membros da comunidade escolar; o número de empréstitos realizados; a participación nas actividades propostas; o interese dos alumnos por afianzar o hábito lector; a adecuación dos materiais ás necesidades do centro; a integración das actividades no Currículo, no Plan Xeral Anual e no Plan Lector de centro.

### PROCEDIMENTOS:

Farase uso das seguintes ferramentas:

- a. **ENQUISAS** (para o profesorado e o alumnado) sobre o funcionamento da biblioteca con vistas a detectar posibles disfuncións e/ou pór en práctica suxestións de interese. Realizarase a final de curso. Os datos serán dados a coñecer a toda a comunidade e incluídos na memoria final.
- b. **SUXESTIÓNS** realizadas a través do BUZÓN DO LECTOR ou directamente aos membros do Equipo.
- c. **ANÁLISE DAS ESTATÍSTICAS** que proporciona o programa MEIGA. Levarase a cabo unha valoración trimestral dos seguintes aspectos:
  - *Nº de documentos prestados, facendo unha reflexión sobre o resultado real e o previsto.*
  - *Asistencia á sala de lectura: observar se vai en aumento ou non, e tamén que tipo de uso se fai da mesma. Deste xeito podemos detectar as deficiencias e traballar as causas que as orixina.*
  - *Igualmente, estudar en que grupos ou niveis a frecuencia de uso das instalacións ou de préstamo é menor, analizando posibles causas para aportar medidas compensadoras no futuro.*
- d. **REUNIÓN PERIÓDICAS** das persoas integrantes do Equipo da Biblioteca e da Comisión da Biblioteca para valorar, entre outros aspectos, a participación nas distintas actividades que se leven a cabo e as necesidades puntuais que se observen no desenvolvemento do Plan.

**OUTES, 30 DE SETEMBRO DE 2022**



Ana Moure



*Coordinadora do Equipo de Biblioteca*

---

